



**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E  
ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

Edificio Administrativo San Caetano SANTIAGO


A promulgación da LOGSE establece as bases dun novo sistema educativo, sendo un dos seus obxectivos a mellora da calidade da ensinanza, para tal consecución, parece máis axeitado, aparte da adopción de medidas en orde á mellora das condicións materiais en que se desenrola a mesma, o establecemento de estímulos, tanto profesionais, como económicos para o profesorado.

O presente Acordo, ten como finalidade acadar ditos obxectivos mediante un novo sistema retributivo do profesorado, así como o forte impulso dunha formación permanente do mesmo, que permita a súa adaptación a un contexto sempre cambiante, ademais de facilitarlle unha maior cualificación profesional. Igualmente comtéplase a adopción dunha serie de medidas que permitirán un incremento cualitativo da Ensinanza en Galicia.

En relación coas cuestións enumeradas adoutanse os seguintes acordos entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as Organizacións Sindicais:

1.- NOVO SISTEMA RETRIBUTIVO

I.- Os funcionarios docentes integrados nos Corpos a que se refiren as Disposicións Adicionais Décima e Décimocuarta da L.O.G.S.E, así como os pertencentes a Corpos e Escalas docentes declarados a extinguir terán a partires da sinatura do presente Acordo un novo modelo de sistema retributivo que implicará a introducción do concepto de sexenio docente como un novo concepto retributivo dentro do complemento específico, de tal xeito que o profesorado terá un complemento específico con dous compoñentes:



- a).- O derivado do posto de traballo que se desempeña:
- a.1).- Nivel de complemento según o Corpo ó que pertenza.
  - a.2).- Complemento de función directiva no seu caso.
- b).- O derivado da propia situación profesional como docente (sexenios).

Este complemento irá asociado á permanencia durante períodos de seis anos como funcionarios de carreira na función pública docente, ata un máximo de 30 anos de servicio nos términos do presente Acordo.,

Ditos períodos perfeccionaranse, unha vez completado o calendario de implantación do presente acordo, o mesmo día en que cada funcionario complete os correspondentes 6 anos. Os efectos económicos do período perfeccionado seránlle recoñecidos ó funcionario no mes seguinte ó que o completou.

II.- Para consolidar cada sexenio, ademais dos 6 anos de normal desenrolo da actividade docente, o profesorado deberá acreditar, en orden á súa actualización científica, didáctica e profesional, a participación en actividades formativas, dunha duración de 100 horas como mínimo (en créditos de 10 horas como mínimo).

III.- Os sexenios anteriores a entrada en vigor do presente Acordo, non necesitan os requisitos establecidos no apartado anterior.

IV.- De forma transitoria durante o período de implantación do novo modelo retributivo, os funcionarios docentes para consolidar os sexenios iniciais á entrada en vigor do presente Acordo, ademais do normal desenrolo da



súa actividade docente nos anos que resten para os seis requeridos, deberán acreditar a realización das horas de formación que proporcionalmente correspondan a dito período na forma seguinte:

2 anos	20 horas
3 anos	40 horas
4 anos	60 horas
5 anos	80 horas

V.- A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria establecerá os procedementos e requisitos oportunos para permitir, no seu caso, o recoñecemento dos sexenios a aquelas persoas que non teñen unha presenza directa na actividade docente ordinaria.


VI.- Os funcionarios docentes, a efectos de consolidación de sexenios, contabilizarán os servicios prestados na función pública docente con anterioridade ó seu ingreso no correspondente corpo.

A partires da entrada en vigor do presente Acordo, sólo se computarán os servicios prestados nestas condicións cando reunan os requisitos establecidos no apartado II.

VII.-

a).- O complemento específico que actualmente perciben os profesores incrementaráse entre o 1 de outubro de 1991 e o 1 de outubro de 1995, nas seguintes contías:

1/10/91.....	120.000.-pts anuais
1/01/92.....	24.000.-pts anuais
1/10/92.....	60.000.-pts anuais
1/01/93.....	24.000.-pts anuais
1/01/94.....	24.000.-pts anuais



1/01/95..... 48.000.-pts anuais

b).- A implantación dos sexenios como complemento específico dos profesores iniciarase o día 1 de outubro de 1992. Os incrementos asociados a cada período de seis anos, así como a súa data de aplicación serán as seguintes:


1/10/92....	Primeiro sexenio	.....	84.000.-	pts anuais
1/10/93....	Segundo sexenio	.....	108.000.-	pts anuais
1/10/94....	Terceiro sexenio	.....	144.000.-	pts anuais
1/10/95....	Coarto sexenio	.....	204.000.-	pts anuais
	Quinto sexenio	.....	60.000.-	pts anuais

c).- As cantidades a que se refiren os apartados a) e b) anteriores están expresados en pesetas correntes de cada ano, é dicir que ditas cantidades serán incrementadas anualmente en función do correspondente IPC.

VIII.- Con independencia do establecido no presente acordo, ó persoal comprendido no mesmo seralle de aplicación os incrementos retributivos que, con carácter xeral, se autoricen na Lei de Presupostos da Comunidade Autónoma de Galicia para os funcionarios públicos. Nos mesmos términos, cando así se contempre na normativa correspondente, recibirán os incrementos que se deriven da revisión salarial compensadora por desviación do IPC rexistrado sobre o previsto.

## 2.- FORMACIÓN DO PROFESORADO

Tal como sinala a LOGSE no seu artigo 56.2 "a formación permanente constitue un dereito e unha obriga de todo o profesorado e unha responsabilidade das Administracións Educativas e dos propios centros. Periódicamente o profesorado deberá realizar actividades en institucións formativas específicas, Centros Docentes,




implantación de proxectos de formación en centros, seminarios permanentes, licencias por estudos, intercambios de profesores de idiomas, axudas económicas individuais, axudas a actividades desenvolvidas por MRPs e outras Asociacións e fundacións pedagóxicas, axudas económicas para proxectos de investigación e innovación educativa, licencias para a actualización tecnolóxico-práctica na FP e axudas para proxectos de investigación-acción na aula.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria garantizará, a través dunha oferta diversificada e suficiente de actividades de formación, o acceso gradual e gratuito de todo o profesorado ás devanditas actividades e moi especialmente ó profesorado de zonas rurais. A tal efecto a comisión de Seguemento e Avaliación do Plan Anual de Formación do Profesorado establecerá os criterios para garantir a citada oferta suficiente e diversificada de formación para tódolos profesores que posibilite a realización do número de horas de formación requerida para perfeccionalos sexenios. As comisións provinciais, de acordo cos criterios fixados, establecerán aqueles supostos referidos a zonas xeográficas, centros ou aqueles supostos referidos a zonas xeográficas, centros ou profesores, nos que por, por mor da insuficiencia da oferta, non se poidan completar as horas establecidas, realizando, consecuentemente, as propostas necesarias que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria resolverá.

### 3.- OUTRAS MEDIDAS ORIENTADAS A MELLORA DA CALIDADE DO ENSINO

1º.- A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria negociará coas Organizacións Sindicais asinantes ó longo do presente curso 1991-92 as medidas a desenvolver, para a implantación gradual do segundo ciclo



da Educación Infantil, con especial atención á escolarización de nenos de 3 anos e referidas a:

- Calendario de implantación.
- Formación do profesorado.
- Adecuación de instalacións.
- Dotación de recursos.

2ª.- Asemade a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria negociará con ditas Organizacións Sindicais, ó longo do presente curso 1991-92, as medidas a desenvolver para a implantación da Educación Primaria, referidas a:

- Calendario de incorporación de profesores especialistas ós centros de Educación Primaria. (Educación Musical, Educación Física, Idioma Estranxeiro)
- † Formación do Profesorado.
- Dotación de recursos para a Educación Física, Lingua Estranxeira e Educación Musical.
- Extensión progresiva da dotación de persoal administrativo a tódolos centros completos de Educación Primaria.
- Análise dos supostos e requisitos necesarios para a concesión ós Centros de Xornada lectiva en sesión única, de acordo co informe do Estudio e Avaliación desenvolvido.
- Atención á escola rural e potenciación dos CPRAs.

3ª.- A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria continuará a potencia-lo desenvolvemento da orientación nos centros educativos a través das seguintes medidas:

- Ampliación gradual dos Equipos Psicopedagóxicos de Apoio, coa creación de novos equipos comarcais e o



incremento de persoal especialista nos xa existentes que o requiran.

- Dotación progresiva de novos departamentos de Orientación ata cubri-la totalidade dos centros de Educación Secundaria.

4º.- A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria tratará no Consello Galego de Ensinanzas Técnico-Profesionais a oferta de ciclos formativos de FP., así como os contidos e duración horaria de cara a súa aplicación nos próximos cursos.

5º.- A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria realizará convenios de colaboración con empresas destacadas en distintas áreas da produción e os servicios, para facilita-la especialización e actualización do profesorado que imparte as áreas tecnolóxicas de FP.

6º.- A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria presentación plan xeral de potenciación do galego nos centros educativos.

7º.- A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria continuará a potencia-los centros de Recursos, mellorando progresivamente a súa infraestrutura material e de equipamento.

O propio tempo adoutará as medidas oportunas para o intercambio entre os Centros de Recursos de material producido para a súa utilización polos Centros das súas áreas de influencia.

#### 4.- COMISION DE SEGUIMIENTO

Constituiráse unha Comisión de seguemento do presente



nas Universidades e, no caso do profesorado de F.P, tamén nas empresas.


En consecuencia a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a fin de facilita-lo exercicio do dereito e obriga do profesora a súa formación permanente, establecerá unha rede de formación (CEFOCOPS), constituída por un número de 15 centros dos que 7 poñeráanse en marcha ó longo do curso 1.991-92 e 8 ata o remate de 1.993.

Segundo as liñas xerais fixadas no Plan Galego de Formación do Profesorado, a Consellería, de Educación e Ordenación Universitaria concretará cada ano o Plan Anual de Formación que se desenvolverá a través dos Plans Provisionais de Formación que CEFOCOPS que, a súa vez, terán como base as necesidades formativas sentidas polo profesorado adscrito ós mesmos. A tal efecto en cada provincia constituirase unha comisión encargada da planificación e do seguimento e da que formarán parte como membros natos os representantes das organizacións sindicais asinantes do presente acordo.

As Delegacións Provinciais remitirán a tódolos centros educativos o Plan Anual Provincial de Formación ó comenzo de cada curso escolar.

A Comisión de Seguimento de Avaliación do Plan Anual de Formación do Profesorado, integrada pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e polas Organizacións Sindicais, avaliará o desenvolvemento do devántido Plan, en aplicación do presente acordo.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, en todo caso, potenciará o desenvolvemento de actividades de formación de carácter descentralizado a través da









Acordo formada por representantes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as Organizacións Sindicais asinantes do mesmo.

Santiago de Compostela, 30 de Decembro de 1991.

O CONSELLEIRO DE EDUCACION E  
ORDENACION UNIVERSITARIA

  
Asdo. Juan Piñeiro Permuy

POLOS SINDICATOS,  
A.N.P.E.

---